

XORNADA

# Kathleen March, ler como feminista

Consello da Cultura Galega  
Santiago de Compostela  
27 de outubro de 2016



Kathleen Nora March (Rochester, NY, 1949) é catedrática emérita de Español na University of Maine. En 1975 veu a Galiza para investigar sobre a poesía de Manuel Antonio e aquí quedou prendida, galega por elección. Logo virían estudos sobre Carvalho Calero, Castelao, Luz Pozo, Xohana Torres e tamén Rosalía, que nos ensinou a ler como a *literata* consciente que foi, en diálogo permanente co pensamento e coa literatura universal do seu tempo.

As súas traducións de Cunqueiro, Rosalía e Otero Pedrayo son outra faceta dun traballo académico imprescindible, que axudou á proxección da literatura galega no ámbito anglosaxón.

Nos anos 80 fundou e presidiu a *Galician Studies Association* (a actual Asociación Internacional de Estudos Galegos), unha ferramenta para impulsar os estudos galegos na academia norteamericana, sentando as bases para a súa posterior expansión no ámbito internacional.

Coñecermos mellor o seu traballo e pór en valor os seus contributos son os obxectivos dunha xornada que pretende tamén proxectar cara ao futuro un legado intenso e vivo: o de Kathleen March, galega, feminista, universal.

Imaxe portada: Santos-Díez (Olló de Vidro-ACAB). Cortesía Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega

## PROGRAMA

### SESIÓN DE MAÑÁ

10:00 horas

*Presentación*

**Ramón Villares**, presidente do CCG

**María Xosé Porteiro**, coordinadora da Comisión de Igualdade do CCG

### SESIÓN CIENTÍFICA. A RAPAZA NON CHORA, SENÓN QUE BERRA

10:30 horas

*Kathleen March, galicianista de aquí e acolá*

**Claudio Rodríguez Fer**, profesor da

Universidade de Santiago de Compostela

Presenta: **María Xosé Agra Romero**,

Universidade de Santiago de Compostela e membro da Comisión de Igualdade do CCG

11:30 horas

*Pausa*

12:00 horas

*Relatorios e debate*

Presenta e modera: **Manuela Palacios**,

Universidade de Santiago de Compostela

*Olladas interseccionais: corpos/corpus en transito na contemporaneidade*

**Andrea Ruthven**, investigadora do Feminario da UVigo

*Como sobrevive a nosa-outra? A recepción da escrita feita por mulleres na actualidade*

**Ánxela Lema**, lectora no Centro de Estudos Galegos de París, Université Paris III, Sorbone

*Nouvelle Poesía e tradución: versos galegos no Báltico*

**Antía Marante**, lectora de galego no Centro de Estudos Galegos de Kiel

13:30 horas

*Presentación da cartografía Kathleen Nora March no Álbum de mulleres*

**Mariam Mariño Costales**, técnica da Comisión de Igualdade do CCG

### SESIÓN DA TARDE

### SESIÓN DE MEMORIA. A PRAXE DOS SABERES SITUADOS

17:00 horas

*Reflexión e debate*

Presenta e modera: **Carmen Blanco**,

Universidade de Santiago de Compostela

Interven: **Pilar García Negro**,

**Burghard Baltrusch**, **Helena González**

**Fernández** e **Xosé Ramón Fandiño Veiga**

18:15 horas

*Marga Romero conversa con Kathleen March*

19:00 horas

*Visita guiada á exposición pola súa protagonista*

19:30 horas

*Clausura*

**Teresa López** e **Dolores Vilavedra**, coordinadoras da xornada

## **ORGANIZA**

Comisión de Igualdade (CCG)  
Consello da Cultura Galega

## **COORDINA**

Teresa López Fernández  
Dolores Vilavedra

## **LUGAR**

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n 15705  
Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax.: 981 957 205

## **INSCRICIÓN**

A inscrición é gratuíta.  
O número de prazas é limitado (100 persoas).  
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.  
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.  
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

## **MÁIS INFORMACIÓN**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)  
[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)  
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA